



GUÍA DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO I-VI (CORDA FRETADA)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-VI (CORDA FRETADA)											
ESPECIALIDADE	Musicoloxía							ITINERARIO	Etnomusicoloxía, Histórica		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	(Individual/Colectiva)		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Corda fretada	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 h.	
ECTS/CUAD.	3	3	3	3	3	3			Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer as partes do instrumento e do arco e desenvolver unha postura corporal axeitada con respecto ó instrumento, así como unha técnica correcta da man dereita e esquerda.	Todas
Tocar escalas, estudos, e pezas nas primeiras posicións usando as diversas estruturas de semitono no rexistro básico dunha oitava.	Todas
Acorde ao curso, desenvolver criterios de afinación e calidade de son, e iniciar a aprendizaxe dos diferentes golpes de arco e do legato.	Todas
Manter hábitos de estudo regulares e coñecer os seus principios básicos aplicándoos á práctica diaria.	Todas
Interpretar en público todas ou parte das pezas traballadas.	Todas

4. CONTIDOS
Aspectos técnicos. Coordinación e independencia das dúas mans. Control da afinación
Aspectos musicais, artísticos e interpretativos, relativos aos aspectos musicais que interveñen na interpretación
Aspectos pedagóxicos: autonomía do alumnado, principios básicos do aproveitamento do estudio en aras á adquisición de maior autonomía.



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias.	Presenciais	Esporádicamente
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuatrimestre
Práctica individual.	Non presenciais	Todo o cuatrimestre
Actividades de consolidación.	Presenciais/non presenciais	Todo o cuatrimestre.
Pescuda de información.	Presenciais/non presenciais	Todo o cuatrimestre
Actividades complementarias	Presenciais	Esporádicamente.
Audicións e/ou probas	Presenciais	Ao longo do cuatrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuatrimestre correspondente.

Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres da disciplina.